

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA) E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG) PARA PROMOVER O COÑECEMENTO EN MATERIA DE CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN CON MADEIRA E A DIVULGACIÓN DE OBRAS EXEMPLARES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega da Industria Forestal, **DECLARA:**

Que esta Axencia formalizou o 12 de decembro de 2019 co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) o acordo de colaboración arriba referido con efectos a partir da data da súa sinatura e vixente ata que calquera das partes teña vontade de deixalo sen efecto.

Que o acordo ten por obxecto establecer un marco de colaboración, entre o COAG e XERA, relacionado coas actuacións para promover a formación, transferencia e difusión do coñecemento en materia de construción e rehabilitación con madeira e de divulgación de obras exemplares.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o acordo que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Establecer un marco de colaboración que favoreza a realización de traballos conxuntos para mellorar a formación dos arquitectos e potenciar a súa especialización en construción e rehabilitación con madeira, fomentar o intercambio de coñecemento con outras profesións con ámbitos de traballo compartidos e incrementar a notoriedade de obras exemplares, tanto entre arquitectos como entre a cidadanía en xeral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, deste xeito o presente acordo de colaboración está excluído da aplicación da Lei 9/2017 de acordo co seu artigo 6.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do acordo de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Santiago de Compostela,



O director da Axencia Galega da Industria Forestal

[Asinado dixitalmente]

José Ignacio Lema Piñeiro

